

TITULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS
Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia
Práctica da conservación activa dos bens pictóricos III
Departamento: Conservación e restauración de pintura

Obrigatoria da especialidade	Curso: 4º pintura	1º Cuadrimestre	9 ECTS
-------------------------------------	--------------------------	------------------------	---------------

Práctica
Profesora: Andrea Fernández Arcos
afarcos@edu.xunta.gal
Horario: 12 horas semanais
DESCRIPCIÓN DA MATERIA

Aplicación dos sistemas de técnicas de intervención para a conservación e restauración dos bens pictóricos. Execución dos tratamentos de conservación e restauración propios, mediante obra real ou, ocasionalmente, maquetas. Elaboración de informes.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.

COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

X2	Coñecer e identificar a composición material do ben cultural e os procedementos e técnicas empregados na súa elaboración.
X4	Determinar os exames ou análises precisos e avaliar os seus resultados.
X5	Determinar os criterios de intervención e decidir o tratamento de prevención, conservación e/ou restauración máis axeitado.
X7	Deseñar sistemas e tratamentos de conservación e restauración.
X11	Acadar a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros profesionais, establecendo os mecanismos axeitados de comprensión e diálogo interdisciplinario.
X15	Coñecer os riscos laborais e as medidas e normas de seguridade e saúde e a súa aplicación para o restaurador, os bens culturais e o ambiente.
X16	Avaliar a eficacia dos tratamentos realizados.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE DE PINTURA

EP1	Diagnosticar as alteracións dos bens pictóricos e dos seus materiais constitutivos mediante o seu exame, identificación, análise e valoración.
EP2	Decidir e executar os tratamentos máis adecuados a cada caso, poñendo en práctica os coñecementos, os criterios, os procedementos técnicos e as habilidades e destrezas adquiridas.
EP4	Planificar, documentar e facer o seguimento do proceso de conservación e restauración dos bens pictóricos, aplicando a metodoloxía de traballo pertinente.
EP5	Establecer un diálogo interdisciplinario con outros profesionais relacionados/as co ámbito do patrimonio cultural, especialmente no concernente ao patrimonio pictórico.
EP8	Realizar unha análise crítica da metodoloxía, os tratamentos e os materiais empregados e avaliar a eficacia da intervención realizada.



EP10	Utilizar os recursos que as novas tecnoloxías facilitan para o desenvolvemento do exercicio profesional.
------	--

UNIDADES DIDÁCTICAS		
Unidade	Subtemas	% da materia
Pintura sobre táboa	Determinación dos materiais e estrutura da pintura sobre táboa.	20%
Pintura sobre táboa. Alteracións	Determinación de alteracións do soporte lúneo. Determinación de alteracións das capas pictóricas.	20%
Pintura sobre táboa. Tratamentos soporte	Tratamentos biocidas. Outras intervencións no soporte.	20%
Pintura sobre táboa. Tratamentos capas pictóricas	Consolidación. Fixación. Limpzas. Reintegración. Protección.	20%
Realización de informes		20%

PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Metodoloxías	Horas aula	Horas fóra	Total
Actividades introductorias	1		1
Prácticas de laboratorio	197		197
Resolución de problemas ou exercicios.	6	4	10
Presentacións/exposicións	6	2	8
Traballos tutelados	6	3	9
Total	216	9	225

METODOLOXÍA DOCENTE	
Metodoloxía	Descrición
Actividades introductorias	Actividades encamiñadas a presentar a materia e tomar contacto co alumnado
Prácticas de laboratorio	Traballo individual ou en grupo baixo a supervisión do profesor. O estudante, mediante un exercicio de integración e síntese, terá que por en práctica os coñecementos e competencias adquiridas noutras materias
Resolución de problemas ou exercicios.	O profesor entregará ao alumnado diversas pezas para a realización de diagnose e propostas de tratamento
Presentacións/exposicións	O estudante presentará os traballos realizados, explicando os problemas atopados, as solucións aportadas e os resultados obtidos.
Traballos tutelados	O estudante, de maneira individual ou en grupo elaborará os informes das pezas tratadas

SISTEMAS DE AVALIACIÓN		
Método	Criterios	% avaliación
Resolución de problemas e/ou exercicios	Aplicación dos coñecementos adquiridos. Corrección no desenvolvemento do exercicio.	20 %
Informes, memorias de prácticas	Rigor técnico nas memorias e capacidade de aplicación de conceptos teóricos. Capacidade de reflexión, síntese para establecer conclusións. Claridade na exposición do informe e concordancia entre o informe escrito e o traballo efectuado no propio taller. Puntualidade na entrega	20 %
Observación sistemática	Capacidade de resolución: problemas, imprevistos. Colaboración, participación e interese. Asistencia e puntualidade (tanto na entrada como na saída).	10%
Prácticas de taller	Asimilación e aplicación dos coñecementos adquiridos. Participación nas clases con compoñente teórico-práctico ou con outros elementos. Responsabilidade no traballo. Capacidade de organización. Calidade do traballo: rigor técnico; grao de aplicación dos conceptos teóricos e coñecementos. Iniciativa na busca de solucións	50 %
Total		100 %
OUTROS COMENTARIOS A AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN		
<ul style="list-style-type: none"> • Dado o carácter práctico da materia, a asistencia é necesariamente obrigatoria. • A non asistencia ás clases implicará a imposibilidade do desenvolvemento correcto da materia, repercutindo necesariamente na cualificación e na perda da avaliación que se realiza de modo continuo ao longo do curso. • Avaliarase así, de forma continuada, o progreso no proceso de aprendizaxe, incluíndo este proceso todos os resultados acadados no traballo de clase (realización de todas as prácticas, exercicios ou traballos dentro do calendario e prazos estipulados), e nos exames propostos ao longo do curso. • Compartirase a través de Moodle a rúbrica de avaliación para cada actividade proposta. • Ao rematar o curso, na convocatoria ordinaria, realizarase un exame final que servirá de recuperación parcial/total segundo as partes non superadas. • A avaliación ordinaria poderá incluír a realización de probas específicas finais, ademais das probas e procedementos recollidos dentro da aplicación da avaliación continua. • Os alumnos que acumulen un número de faltas superior ao 25% do total, ou que non teñan entregado no prazo estipulado os traballos requiridos, perderán a avaliación continuada. • No caso de perda de avaliación na convocatoria ordinaria por causas xustificadas, o departamento poderá establecer, unha vez estudado o caso, a posibilidade de probas alternativas. • Os alumnos que non a superaran a convocatoria ordinaria ou que perderan a posibilidade de presentarse a esta polas causas anteriormente descritas, terán sempre a posibilidade de presentarse á 		

convocatoria extraordinaria

- De cara á avaliación extraordinaria o alumno terá que realizar unha proba escrita sobre diagnose e/ou proposta de tratamento dunha ou varias pezas, para avaliar o seu grao de competencia e, unha vez superada esta, unha proba práctica da materia.
- A entrega dos informes do traballo realizado en laboratorio é imprescindible para a superación da materia.

ATENCIÓN PERSONALIZADA

Ofreceráse atención personalizada ao alumnado durante todo o curso. As titorías docentes desenvolveranse previa cita co profesor.

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

Toda a bibliografía recomendada poderá atoparse na biblioteca do centro ou estará compartida a través de Moodle.

- Ciatti, M., Castelli, C., Santacesaria, A.. *Dipinti su tavola. La tecnica e la conservazione dei supporti (Problemi di conservazione e restauro)*. Florencia, Ed. Edifir, 2013.
- Colomina, A., Guerola Blay, V. Moreno Giménez, B. *La limpieza de las superficies pictóricas: metodología y protocolos técnicos*. Gijón, Ed. Trea, 2020.
- Dardes, Kathleen, and Andrea Rothe, eds. *The Structural Conservation of Panel Paintings: Proceedings of a Symposium at the J. Paul Getty Museum, April 1995*. Los Angeles: The Getty Conservation Institute, 1998. 3ª parte: History of the Structural Conservation of Panel Paintings.pp 187-303; 4ª parte: *Current Approaches to the Structural Conservation of Panel Paintings*. 305-565.
- Fulcher, K. An investigation of the use of cellulose-based materials to gap-fill wooden objects, *Studies in Conservation*, 2017, 62:4, 210-222, DOI: [10.1080/00393630.2015.1109294](https://doi.org/10.1080/00393630.2015.1109294)
- Howlett, F.C., Dorge, V. *Painted Wood*. Los Ángeles, The Getty Conservation Institute, 1998.
- Mateu, S. *La problemática de las juntas, las grietas y las fracturas en las tablas. Estudio crítico de varios métodos de encolado*. Titoría: Etienne Costa, co-titoría: José de la Fuente. TFM inédito, Ecole Nationale Supérieure des Arts Visuels de La Cambre Option Conservation, restauration des oeuvres d'art, Bruselas 2012.
- Phenix, Alan and Chui, Sue Ann, eds. *Facing the Challenges of Panel Painting Conservation: Trends, Treatments and Training: Proceedings of a Symposium at the Getty Center, May 2009*. Los Angeles: The Getty Conservation Institute, 2011.
- Sepulcre Aguilar, A.Barbero Encinas, J.C. Empleo de la madera laminada para la elaboración de travesaños de refuerzo ajustados a la deformación de las pinturas sobre tabla. *Pátina*, 2003 n°12 pp. 5-10. ISSN: 1133-2972.
- Vivancos Ramón, V. *La conservación y restauración de pintura de caballete: pintura sobre tabla*. Madrid, Tecnos, 2007.
- VVAA. *Proyecto COREMANS: criterios de intervención en pintura de caballete*.

OBSERVACIÓNS

. Non se permite gravación ou copia das clases salvo consentimento expreso da docente. Nas aulas en remoto non está permitida a gravación de imaxes nin son salvo consentimento expreso da docente. Ver: Guía do alumnado.